



FONDO LIBROS, AXUDAS LIBROS E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2024/2025

A QUEN VAI DIRIXIDO?

- Fondo solidario de libros de texto para o alumnado de 3º e 4º de E.P. Os de 5º e 6º xa teñen EDIXGAL.
- Axudas para adquirir libros de texto para 1º e 2º de Primaria
- Axudas para adquirir material escolar para toda a Primaria, de 1º a 6º.

PRAZOS: Do 21 de maio ata o 21 de xuño de 2024 (ámbolos dous incluídos).

COMO FACELO?

A solicitude para o fondo libros e as axudas para material escolar é a mesma. Poden facelo de 3 formas:

1.- *Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia*

Coa Chave365, DNI electrónico ou Certificado Dixital <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B&ano=2024&numpub=1&lang=gl>

2.- *Presencial con asistencia da aplicación*

Na aplicación «fondolibros» <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>, cubra e imprima os ANEXOS I e II producidos e presenteos no centro educativo.

3.- *Presentación presencial no centro*

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente nos centros docentes, descargándoas previamente na páxina <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B&ano=2024&numpub=1&lang=gl> (solicitude presencial, Anexos I e II), na web do centro, ou ben recollendo os formularios na secretaría do centro.

QUE TEÑO QUE ENTREGAR?

- Anexo I debidamente cuberto.
- Anexo II (para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- Copia do libro de familia
A maiores, **no caso de darse algunha das circunstancias** que se enumeran a continuación, tamén haberá que entregar:
 - Certificado do grao de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
 - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero.
 - En caso de separación ou divorcio, deberán achegar sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor
 - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titor e titores carezan de DNI e NIE.

*NOTAS ACLARATORIAS

- O alumnado de 5º e 6º está excluído da participación no fondo solidario de libros xa que formarían parte do proxecto E-dixgal (ordenador en vez de libro); non obstante, si terán dereito á axuda para adquirir material escolar.
- Para presentar máis dunha solicitude telemáticamente, terán que facelas de xeito independente (unha por fillo/a); pola contra, se as entregan no centro, podeden entregar unha única solicitude.



- O alumnado que non estea admitido nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso 2024/2025, deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado no curso 2023/2024.
- A non devolución dos libros de texto, sexan do curso actual ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2024/2025.
- O código do centro que se vos pide na solicitude é 15019311.

ONDE ENTREGAR AS SOLICITUDES:

- Como norma xeral, onde estea matriculado o alumnado durante o prazo de entrega das solicitudes.
- O alumnado que xa fixo a reserva, no centro de adscrición (no I.E.S Agra do Orzán).
- O alumnos que estean pendentes de admisión, no centro actual, de orixe.

NORMATIVA: ORDE do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H).

CALENDARIO DO PROCESO:

PAZOS	DATAS
ENTREGA DE SOLICITUDES	ATA O 21 DE XUÑO
DEVOLUCIÓN DE LIBROS DE TEXTO DO CURSO 2023/2024	17 E 18 DE XUÑO
PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL	26 DE XUÑO
RECLAMACIÓN CONTRA AS LISTAXES PROVISIONAIS	27 E 28 DE XUÑO
PUBLICACIÓN DE LISTAXES DEFINITIVAS	1 DE XULLO
ENTREGA DE VALES	4 E 5 DE XULLO E DO 2 AO 11 DE SETEMBRO
ENTREGA DE LIBROS DO FONDO PARA O CURSO 2024/2025	AO LONGO DO MES DE SETEMBRO

Nota: Os prazos poderán verse modificados en función das necesidades do centro. Todas as actualizacións publicaranse nos taboleiros do centro e na páxina web coa suficiente antelación e comunicaranse ás familias polo servizo de mensaxería abalarmóbil.

A Coruña, 21 de maio de 2024



O Director

Asdo.: Óscar Licinio Mourenza Fernández